



ORDE DO XX DE XXXXXXX DE 2007 POLA QUE SE CONCRETAN AS CONDICIÓNS, AS ESCALAS E OS CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DAS BONIFICACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA, OCUPACIÓN OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Ente Público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, e adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, ten por obxecto o proxecto, construción, xestión e explotación dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia regúlase no seu Anexo 5, apartado 02, a taxa pola utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 40 de dita Lei establécense diversas bonificacións aplicables á devandita taxa, determinándose que as condicións, as escalas e os criterios necesarios para a aplicación de ditas bonificacións concretaranse por orde da consellería competente en materia de portos, por proposta do ente público Portos de Galicia.

A presente orde constitúe o desenvolvemento do citado artigo. As bonificacións a regular concédense por investimentos dos suxeitos pasivos en obras de recheo, consolidación ou mellora de terreos e cando o obxecto da concesión consiste na urbanización e comercialización de zonas de almacenaxe e de actividades loxísticas.

No primeiro caso, a bonificación establécese como unha porcentaxe de redución da taxa, e calcúlase para os investimentos en recheos en función do custo medio do recheo, da altura do mesmo, do valor da superficie obxecto da obra, do tipo de gravame anual aplicable e do prazo de vixencia da concesión, e para os investimentos en consolidación ou mellora de terreos calcúlase en función do investimento unitario para este tipo de obras, do valor da superficie obxecto das mesmas, do tipo de gravame anual aplicable e do prazo de vixencia da concesión.

No segundo caso, a bonificación cuantifícase mediante unha escala, regulada por esta orde, en función da relación existente entre o investimento correspondente ás obras de urbanización e o valor dos terreos.



Por canto queda exposto, por proposta do ente público Portos de Galicia, aprobada no seu Consello de Administración do 15 de marzo de 2007,

DISPOÑO

Artigo 1. Condicións, escalas e criterios para a aplicación de bonificacións na taxa por ocupación privativa, utilización ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia por investimentos dos suxeitos pasivos en obras de recheo, consolidación ou mellora de terreos.

a) Cando o proxecto da concesión correspondente inclúa a realización polo suxeito pasivo de investimentos en obras de recheo a cargo do titular, a bonificación prevista no artigo 40.a) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cuantificarase en función da altura media do recheo ata unha cota dun metro por enriba da preamar viva equinoccial, do custo medio do recheo, do valor da superficie obxecto do recheo e do tipo de gravame anual, ámbolos dous conceptos a efectos do cálculo da taxa de ocupación de terreos ou augas de dominio público portuario, e dos anos da concesión, de acordo coa seguinte fórmula:

$$b = \frac{Cr \times 10000 \times h}{Vt \times t \times n} \quad b \leq 50$$

onde:

b = Bonificación (%), redondeada á primeira cifra decimal, aplicable desde a data de remate das obras obxecto da bonificación, segundo ó establecido ó respecto nas condicións da concesión.

Cr = Custo medio do recheo establecido por Portos de Galicia (euros/m3), calculado no momento de outorgamento da concesión.

h = Altura media do recheo ata un metro por enriba da preamar viva equinoccial (m).

Vt = Valor da superficie que vaia ser obxecto do recheo, a efectos da aplicación da taxa pola ocupación de terreos ou augas de dominio público portuario (euros/m2), no momento de outorgamento da concesión.

t = Tipo de gravame anual (%) establecido no outorgamento da concesión.

n = Prazo (en anos enteiros) restante da concesión no momento de remate das obras obxecto da bonificación.



b) A bonificación prevista no artigo 40.a) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia será tamén aplicable cando o proxecto da concesión correspondente inclúa a realización polo suxeito pasivo de investimentos en obras de consolidación ou mellora de terreos. Non serán obxecto de bonificación os investimentos en cimentacións.

Neste caso, a bonificación cuantificarase en función do investimento unitario necesario para consolidar o recheo e obter unha explanada aceptable E1 o boa E2 nun recheo consolidado, de acordo coas Recomendacións ROM 4.1-94, "Proxecto e construción de pavimentos portuarios", do valor da superficie obxecto da consolidación ou mellora e do tipo de gravame anual, ámbolos dous conceptos a efectos do cálculo da taxa de ocupación de terreos ou augas de dominio público portuario, e dos anos da concesión, de acordo coa seguinte fórmula:

$$b = \frac{10000 \times I_c}{V_t \times t \times n} \quad b \leq 50$$

onde:

b = Bonificación (%), redondeada á primeira cifra decimal, aplicable á superficie obxecto das obras desde a data de remate das mesmas obxecto da bonificación, segundo ó establecido ó respecto nas condicións da concesión.

I_c = Investimento unitario necesario para obras de consolidación ou mellora de terreos establecido por Portos de Galicia (euros/m²), calculado no momento de outorgamento da concesión.

V_t = Valor da superficie de terreo que vaia ser obxecto das obras de consolidación ou mellora, a efectos da aplicación da taxa pola ocupación de terreos de dominio público portuario (euros/m²), no momento de outorgamento da concesión.

t = Tipo de gravame anual (%) establecido no outorgamento da concesión.

n = Prazo (en anos enteiros) restante da concesión no momento de remate das obras obxecto da bonificación segundo ó establecido ó respecto nas condicións da concesión.

c) As bonificacións dos apartados a) e b) estableceranse por Portos de Galicia e serán aplicables en cada caso ás superficies obxecto das obras correspondentes, debendo reflectirse nas condicións da concesión. A bonificación por investimentos en obras de recheo non poderá exceder do 50 por 100 da contía correspondente á ocupación das augas do porto obxecto das obras, e a bonificación por investimentos en obras de consolidación ou mellora dos terreos no



poderá exceder do 50 por 100 da contía correspondente á ocupación dos terreos do porto obxecto das obras. Estas bonificacións serán compatibles entre si, pero neste caso a suma de ámbalas dúas non poderá superar o 50 por 100 da contía da taxa correspondente á ocupación dos terreos obxecto das dúas bonificacións.

d) As bonificacións anteriores aplicaranse unicamente durante o prazo inicial da concesión, non sendo de aplicación nas prórrogas que, de se-lo caso, puidesen outorgarse, sen prexuízo das novas bonificacións que, eventualmente, puidesen establecerse por novos investimentos nestes mesmos conceptos para as concesións prorrogadas.

e) Para as concesións vixentes á entrada en vigor da presente orde outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2003 as bonificacións contempladas no presente artigo serán aplicables de conformidade co disposto nos apartados anteriores coas seguintes particularidades:

- As bonificacións comezarán a aplicarse desde o momento en que se proceda á aplicación á concesión en cuestión das taxas adaptadas ao disposto na Lei 6/2003 se as obras obxecto da bonificación estivesen rematadas. Se aínda non o estivesen, as bonificacións se aplicarían a partir da data de remate das mesmas segundo ó establecido ó respecto nas condicións da concesión.

- Os valores de “Cr” e “Ic” a introducir nas fórmulas calcularanse no momento de aplicación á concesión en cuestión das taxas adaptadas ao disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “Vt” a introducir nas fórmulas será o valor das superficies de auga ou de terreo portuario, segundo corresponda, vixentes no momento de aplicación á concesión en cuestión das taxas adaptadas ao disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “t” a introducir nas fórmulas será o tipo de gravame anual aplicable á concesión en cuestión resultante da aplicación á mesma das taxas adaptadas ó disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “n” a introducir nas fórmulas será o prazo restante da concesión en cuestión no momento de aplicación á mesma das taxas adaptadas ó disposto na Lei 6/2003 se as obras obxecto da bonificación estivesen rematadas. Se aínda non o estivesen, as bonificacións se aplicarían a partir da data de remate das mesmas segundo ó establecido ó respecto nas condicións da concesión.

f) Para as concesións vixentes á entrada en vigor da presente orde outorgadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2003 as bonificacións contempladas no presente



artigo serán aplicables de conformidade co disposto nos apartados anteriores coas seguintes particularidades:

- As bonificacións serán aplicables desde a data de remate das obras obxecto das mesmas segundo ó establecido ó respecto nas condicións da concesión.

- Os valores de “Cr” e “Ic” a introducir nas fórmulas calcularanse no momento de aplicación á concesión en cuestión das contías das taxas correspondentes á valoracións das augas e terreos portuarios determinada de conformidade co disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “Vt” a introducir nas fórmulas será o da superficie de auga ou de terreo portuario, segundo corresponda, establecida na valoración das augas e terreos portuarios, determinada de conformidade co disposto na Lei 6/2003, vixente no momento de aplicación á concesión en cuestión das contías das taxas correspondentes a dita valoración.

- O valor de “t” a introducir nas fórmulas será o tipo de gravame anual aplicable á concesión en cuestión no momento de aplicación á mesma das contías das taxas correspondentes á valoración das augas e terreos portuarios determinada de conformidade co disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “n” a introducir nas fórmulas será o prazo restante da concesión en cuestión no momento de remate das obras obxecto da bonificación segundo ó establecido ó respecto nas condicións da concesión.

Artigo 2. Condicións, escalas e criterios para a aplicación de bonificacións na taxa por ocupación privativa, utilización ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia cando o obxecto da concesión consista na urbanización e comercialización de zonas de almacenaxe e de actividades loxísticas.

a) Cando o obxecto da concesión consista na urbanización e comercialización de zonas de almacenaxe e de actividades loxísticas, a bonificación prevista no artigo 40.b) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cuantificarase en función do investimento realizado, de conformidade co seguinte:

a.1) A bonificación será aplicable a cada fase de urbanización establecida no título concesional mentres no estean rematadas as obras, segundo o programa establecido en dito título.



A bonificación en cada fase establecerase en función da relación entre o investimento e o valor do terreo correspondente á fase en cuestión, a efectos do cálculo da taxa de ocupación de terreos, segundo a seguinte escala:

$i = 100 \frac{I_u}{V_t}$	Bonificación (%)
$10 > i \geq 0$	0
$20 > i \geq 10$	20
$30 > i \geq 20$	25
$40 > i \geq 30$	30
$50 > i \geq 40$	35
$i \geq 50$	40

onde:

I_u = Investimento unitario en obras de urbanización establecido por Portos de Galicia (€/m²), no momento de outorgamento da concesión.

V_t = Valor da superficie de terreo que vaia ser obxecto da urbanización e comercialización correspondente á fase en cuestión, a efectos da aplicación da taxa pola ocupación de terreos de dominio público portuario (euros/m²), no momento de outorgamento da concesión.

i = Relación entre o investimento en obras de urbanización e o valor dos terreos (%).

a.2) A bonificación non poderá exceder do 40 por 100 da contía pola ocupación dos terreos do porto obxecto da urbanización correspondente á fase en cuestión. Esta bonificación aplicarase en cada unha das fases de urbanización, ata que rematen as obras en cada unha delas, de conformidade co programa establecido no título concesional.

b) A bonificación establecerase por Portos de Galicia no título de outorgamento da concesión, no que se fará constar o valor da bonificación correspondente a cada fase na que sexa de aplicación.

c) Para as concesións vixentes á entrada en vigor da presente orde outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2003 a bonificación contemplada no presente



artigo será aplicable, sempre que as obras de urbanización non estivesen rematadas, de conformidade co disposto nos apartados anteriores coas seguintes particularidades:

- A bonificación comezará a aplicarse desde o momento en que se proceda á aplicación á concesión en cuestión das taxas adaptadas ó disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “lu” a introducir na fórmulas calcularase no momento de aplicación á concesión en cuestión das taxas adaptadas ó disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “Vt” a introducir nas fórmulas será o valor da superficie de terreo portuario vixente no momento de aplicación á concesión en cuestión das taxas adaptadas ao disposto na Lei 6/2003.

d) Para as concesións vixentes á entrada en vigor da presente orde outorgadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2003 a bonificación contemplada no presente artigo será aplicable de conformidade co disposto nos apartados anteriores coas seguintes particularidades:

- A bonificación será aplicable desde a data de outorgamento da concesión.

- O valor de “lu” a introducir na fórmula calcularase no momento de aplicación á concesión en cuestión das contías das taxas correspondentes á valoracións das augas e terreos portuarios determinada de conformidade co disposto na Lei 6/2003.

- O valor de “Vt” a introducir nas fórmulas será o da superficie de terreo portuario establecido na valoración dos terreos portuarios determinada de conformidade co disposto na Lei 6/2003.

Artigo 3. Esta Orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.